

## ACTA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 13/12/2016

### **Asistentes:**

DIRECTOR: Euloxio Santos Leites  
XEFE ESTUDIOS: Anxo Rodríguez Rodríguez.  
SECRETARIA: Mercedes Couto García.  
PROFESORADO:  
Alonso Quevedo, Xosé Carlos Ces García, Santiago García Giménez, Margarita López Melendes, Dolores Lago Dacosta, Antonio Paz Núñez, Montserrat Seara Escudero, Santos  
PAS:  
Vázquez Salgado, Ángeles  
PAIS/NAIS:  
Calvo Domingo, Almudena Costas Pérez, Ana Dotras Botas, Marta  
ALUMNOS/AS:  
Bautista Alonso, Marta Goldenberg Mazino, Benjamín

En Vigo, sendo as 18:30 horas do día 13 de Decembro de 2016, reúnenense na aula C5 os componentes do Consello Escolar do IES Politécnico de Vigo, coa asistencia que na marxe se indica para tratar a seguinte

### **ORDE DO DÍA:**

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior.
2. Constitución do Consello Escolar.
3. Designación de membros da Comisión Económica.
4. Designación da responsable de Igualdade.
5. Constitución da Comisión de Convivencia.
6. Informacións varias
7. Rogos e preguntas.

No 1º punto da orde do día, a Secretaría Mercedes Couto da lectura a acta do Consello Escolar do día 18 de Outubro de 2016, aprobándose por unanimidade.

No 2º punto da orde do día infórmase da nova composición do Consello escolar que resulta das eleccións celebradas o día 29 de novembro. Incorpóranse as seguintes persoas:

- Pais/Nais: Marta Dotras Botas.
- Alumnos/as: Benjamín Goldenberg Mazino, Marta Bautista Alonso.
- Profesorado: Montserrat Paz Núñez, Margarita García Giménez, Santiago Ces García e Santos Seara Escudero
- ANPA: Almudena Calvo Domingo
- Concello: Belén Mediero Rodríguez

No 3º punto da orde do día designanse os membros da comisión económica, que queda formada por:

- Director: Euloxio Santos Leites.
- Secretaria: Mercedes Couto García.
- Pais/Nais: Almudena Calvo Domingo
- Alumnos/as: Benjamín Goldenberg Mazino.
- Profesorado: Santiago Ces, Santos Seara.
- PAS: Ángeles Vázquez Salgado

No 4º punto da orde do día o Sr. Director propón ratificar a responsable de Igualdade, a profesora Eva Piña, sométese a votación, aprobándose por unanimidade.

No 5º punto da orde do día, constitúese a Comisión de Convivencia que queda formada por:

- DIRECTOR: Euloxio Santos Leites
- X. ESTUDIOS: Angel Suarez Rios
- ORIENTADORA: Vanesa Rodríguez
- Profesores/as: Margarita García Giménez, Xosé Carlos Alonso
- PAIS/NAIS: Ana Costa, Marta Dotra
- ALUMNOS/AS: Marta Bautista Alonso

- PAS: Ángeles Vázquez Salgado

No 6º punto da orde do día o Sr. Director informa do seguinte:

- a) Apertura do centro durante as vacacións: Propóñense os seguintes días: 22, 23, 27 e 29 de decembro e o 3 de xaneiro, de 10 a 13h.
- b) Alumnos dos CS de ARI e PPFM foron premiados coa medalla de ouro na fase autonómica das probas Skills 2016: Miguel Sotelo González, Raul Acuña Farias e Raul Fernández Lorenzo
- c) Modificacións introducidas na LOMCE referidas as reválidas de 4º da ESO, 2º Bacharelato e FPB según o RD 5/2016 de 9 de decembro (BOE 10 de decembro de 2016)

En rogos e preguntas, fórmulanse os seguintes:

- Benjamín Goldenberg plantexa a petición de crear un clube de cultura xaponesa, remíteselle a falalo coa vicedirectora.
- Almudena Calvo plantexa a conveniencia de que a orientación ao alumnado se faga o antes posible, no mesmo senso Antonio Lago di que é importante darlle a coñecer aos nosos alumnos tamén a oferta do noso centro.
- Marta Dotras pregunta pola oferta de actividades extraescolares e polo acontecido coas grabacións feitas cun móvil, aclarándoselle ambas dúas cousas.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por finalizado o Consello Escolar sendo ás 19:45 horas levántandose esta acta para dar constancia dos acordos adoptados.

Vigo a 13 de Decembro de 2016.

Asdo. A Secretaria  
Mercedes Couto García

Vº Bº O Director  
Euloxio Santos Leites